



## CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN DE RONDALLAS DA ÁREA METROPOLITANA DE VIGO PARA O VIII CERTAME DE RONDALLAS.

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

#### **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Cultura vai asinar coa Federación de Rondallas da Área Metropolitana de Vigo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

*Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Federación de Rondallas da Área Metropolitana de Vigo para a colaboración nos gastos do VIII Certame de Rondallas.*

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamentan no seguinte:

*As Rondallas da Área Metropolitana de Vigo son formacións moi antigas, algunha data do ano 1927, e moi numerosas, arredor de 100 integrantes cada unha, que interpretan as distintas pezas musicais tocando instrumentos moi peculiares como son os que podían conseguir ou ter na súa propia casa: cunchas, charrascos, cristos, roucos..., non instrumentos de corda como o resto de rondallas. Estas peculiaridades conseguen que as Rondallas da Área Metropolitana de Vigo sexan a única expresión artística deste tipo que leva a cabo actuacións tan concretas e singulares, non tendo coñecemento na nosa Comunidade Autónoma doutra rondalla que conte cunhas características similares de antigüidade e de tamaño, o cal a fan única. Por isto e de acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actuacións, por canto se trata de actuacións únicas e de especiais características, por todo o que representa a Federación de Rondallas da Área Metropolitana de Vigo.*





*Por todo o anterior é a Federación de Rondallas da Área Metropolitana de Vigo a que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.*

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

